


Meniña de Cristal

IRIA LÓPEZ TEIJEIRO



Literautas

www.literautaseditorial.com

Meniña de Cristal

IRIA LÓPEZ TEIJEIRO

Literautas

www.literautaseditorial.com

LITERAUTAS EDITORIAL
A Coruña - España
editorial@literautas.com
www.literautaseditorial.com

© Deseño e maquetación SCVisuais
© Deseño de portada SCVisuais
Ilustración e fotografía: soosh/badahos

© 2005, Iria López Teijeiro
© 2012, Iria López Teijeiro

Nº Rexistro Safe Creative 1212072800474
Esta publicación non pode ser reproducida,
almacenada ou transmitida
en maneira algunha sen o previo permiso escrito do autor.
Todos os dereitos reservados.

CONTIDOS

Introdución

A historia desta historia

Páxina 5

...

PRIMEIRA PARTE

RAÍCES

Páxina 9

SEGUNDA PARTE

NO CAMIÑO

Páxina 63

TERCEIRA PARTE

POSDATA

Páxina 216

INTRODUCCIÓN

A historia desta historia

Querido lector/a,

Antes de dar paso á novela, gustaríame compartir contigo uns pensamentos sobre ela nesta especie de “como se fixo” literario. Procurarei non desvelar nada importante da trama, pero como eu son a primeira a quen lle gusta entregarse á lectura sabendo sobre a historia o menos posible, entendereino se prefires pasar de longo esta introdución e acodes directamente ao primeiro capítulo.

De calquera xeito, permíteme dicirche antes que se ao longo da lectura da novela sentes a necesidade de compartir comigo algunha idea, dúbida ou pensamento, convídote a que o fagas escribíndome ao enderezo **iria@literautas.com**.

E agora si, ti decides o que prefires facer: ir ler a novela ou botarlle antes un ollo á **HISTORIA DESTA HISTORIA** que tes entre as mans:

De onde sae este libro

A primeira edición de “Meniña de Cristal” tivo lugar hai xa un tempo, no ano 2005, tras resultar gañadora do I Premio de Novela Biblos-Pazos de Galicia para menores de 25 anos.

Cóntoche isto porque o premio en cuestión ten un aquel peculiar, xa que para participar non é preciso entregar unha novela, senón un proxecto de novela que se irá traballado ao longo dun ano ao final do cal se publicará a obra.

Imaxínate. Cando me dixeron que gañara non acababa de crelo.

Por aquel entón eu tiña 24 anos e unha idea que levaba anos tempo forxándose na miña cabeza sen rematar de callar. Sabía que quería escribir unha novela, pero non tiña nin a experiencia nin a máis remota idea de por onde comezar. Así que o premio caeume coma do ceo para ir desenvolvéndo a paso a paso.

Ademais, unha vez seleccionada a novela gañadora, os organizadores do premio preséntan ao gañador a aquel ao que chaman o *titor*, un escritor xa consagrado que fará as veces de *sparring* literario. Vamos, o que se din un lector de luxo que te irá dando a súa opinión mentres ti vas revisando e escribindo as distintas versións do libro. No meu caso, o titor foi Xosé Luís Méndez Ferrín, que se converteu no padriño da novela ao pórllle nome cando, a poucas semanas da publicación, non se me ocorría ningún título para ela.

De oca a oca...

Agora que xa che contei como cheguei a escribir o libro, quero falar un pouco da estrutura porque é unha das cousas que máis me divirte ao lembrar esa etapa de planificación da historia.

Como xa che comentei, “Meniña de Cristal” era a miña primeira novela e atopábame aprendendo o oficio dende cero. A estrutura dunha obra deste calibre nada tiña que ver cos relatos ou curtametraxes que estaba afeita a escribir así que, cando estaba a preparar o proxecto da novela para o certame, din cun atranco: sabía o que quería contar, pero non como facelo.

Logo de moitas voltas e moitas follas tiradas, atopeime nunha revista unha reportaxe sobre o xogo da oca e o seu simbolismo. Entón vino claro: era a miña estrutura. Un xogo, un percorrido de 62 casas que semella un labirinto e en realidade trátase dun camiño recto onde hai moito de azar e abondo de vontade para seguir cara diante.

Así que, se te sorprende a distribución da novela, esta é a explicación: cada un dos capítulos é unha casa do taboleiro da oca. Perdoa o divertimento, pero pareceume que a súa extensión e o seu simbolismo me proporcionaban o mellor xeito de contalo. Ademais,

gocei moito escribindoa así.

Que hai de certo en “Meniña de Cristal”

Dende que a primeira versión saíu á luz foron moitos os lectores que me fixeron esta pregunta e que trataron de establecer unha identificación entre Xiana, a protagonista da historia, e máis eu. Se cadra existen semellanzas, aínda que eu non as atopo de xeito tan directo, pero si é verdade que algo de min hai nela, como de min hai en todos os personaxes do libro.

Paréceme inconcibible escribir unha historia sen plasmar nela, en maior ou menor medida, moitos dos meus medos, experiencias e obsesións. Pero o certo é que, malia ter moito de min, todos os personaxes e situacións de “Meniña de Cristal” son ficticios. Todos agás un: si existiu un Nicolás na miña familia que tivo unha historia similar. Como legado non deixou nesta vida máis ca uns estraños debuxos nunhas contras de madeira que eu descubrín na mocidade e que me intrigaron durante anos, levándome a pescudar e coñecer mellor a historia da miña familia.

A ese Nicolás real é a quen están adicadas estas páxinas que hoxe, sete anos despois de telas escrito por vez primeira, remato de revisar para unha reedición dixital que, pese á distancia e á autocrítica coa que hoxe podo ler a novela, me ilusiona tanto coma a primeira.

E até aquí a historia desta historia, querido lector. Espero que o pases ben con ela se aínda non a liches, ou que o pasases ben se xa estás de volta. En calquera dos casos, convídote de novo a que me escribas e me contes que che pareceu. Será un pracer lerte.

Atentamente,

Iria López Teijeiro

A Coruña, 27 de novembro de 2012

A Nicolás Fabal Anca

PRIMEIRA PARTE

Raíces

*«Que somos, senón o murmurio do río senlleiro agochado na fraga?
O ondear bravío da mar, o cantar feitiцеiro do vento nas rochas,
o ledο falar da árbore amiga, a terra que pisas.
Fillos da deusa nai. Sangue herdado do primeiro latexo».*
GAIA

CAPÍTULO 1

A saída

O llaba cara aos cristais. Agardaba sen sabelo polas pingas de choiva, mais non chovía. Ela sempre preferira o Santiago mollado, o escuro, o invernall; sobre todo cando estaba triste. O Santiago de luz e sol era só para os turistas.

«*Esta cidade é un cemiterio*», pensou mentres permanecía a carón dunha fiestra observando a fileira de rostros que camiñaban, coma sempre, cara a grande tumba que era a catedral.

—Todo ben? —preguntou a secretaria dende a porta cun sorriso finxido—. Xa remataches?

—Si —a moza ergueuse para apagar a luz do cuarto de revelado. Xa caera na conta de que o da secretaria era un deses rostros que nunca sorría con sinceridade. Era normal; ata ela mesma comezara a esquecer xa como se facía tal cousa.

—Saíron ben?

—As fotos? Si.

—¿Pódesmas amosar?

—Luns, mellor. Son as oito e non nos han pagar as horas extras — Xiana intentou sorrir e, efectivamente, a ela tampouco lle saíu máis ca un aceno artificial.

—Oíches? Seguro que estás ben? Non tes moi boa cara.

—Ando un pouco cansa, non pasei boa noite. Marchamos?

Era certo. De feito, ían bastantes noites nas que Xiana non pegaba ollo. Pasábaas deitada na cama, en silencio, escoitando de fondo a respiración de Brais. E o mundo enteiro tornaba alleo e distante mentres sentía que estaba a piques de tolear, se é que non o fixera xa. Algo andaba mal no seu interior e non era quen de explicarse o que.

En canto saíu á rúa viuse de novo invadida por aquel abafado pegañento e, tras despedirse, da secretaria, apurou o paso, malia que non tiña gana ningunha de ir para a casa. «*Total —pensou—, non hai outra opción. Se non vou á casa, onde vou ir?*». Repetiu as últimas palabras en voz alta, ignorando —ao cabo, xa eran parte da paisaxe e ía ben tempo que deixara de velos— a tódolos peóns que camiñaban contra dela armados ata os dentes de cámaras dixitais. E repetiunas en voz alta unha vez máis sen ter moi claro o motivo: infundirse valor, ou condoerse de si mesma. Tanto tiña o que fixese; non ía ser quen de impedir que, finalmente, acontecera o mesmo que tódolos días ao chegar á casa; non ía ser quen de evitar eses cinco minutos diante da porta, coa chave na man, dubidando se entrar ou non, caendo presa da angustia; sabendo que, á fin, acabaría por entrar e renderse á evidencia de que non existía no mundo un lugar peor onde se agochar, pero tampouco un lugar mellor. O peor de todo era saber de antemán cal sería a reacción de Brais porque non tiña gana de aturar o sermón. Xa sabía que a vida era dura, que ninguén era feliz co seu traballo e que tiña a sorte de que lle pagasen por facer aquilo do que gustaba. Ou do que se supuña tiña que gustar. Tan difícil resultaba comprender que ela, sinxelamente, desexaba outra cousa? Aínda que non soubese ben de que cousa se trataba... Non tiña por costume queixarse. Tan só pretendía ficar sentada no sofá, en silencio, procurando atopar sentido a todo o que a rodeaba, intentando esvaeecer no ar. Era tanto pedir? Pode que si, porque deseguida resoaba a voz de Brais: «*Non me vaias agora de mártir, que moitos teñen que mallar o lombo para gañar o pan! Ou é que queres vivir sen traballar? Pois as cousas non che son así, meniña!*» Mais non se trataba

diso. Ela sabía perfectamente como eran as cousas; mellor incluso ca el, que con menos de trinta anos tiña xa unha empresa de seu grazas aos cartos do pai e podía dedicar a meirande parte do tempo a debuxar o que lle viña en gana. Non, non era iso. Sinxelamente, non podía entender o mundo que a rodeaba e non existía ninguén con quen compartir aquel senso absurdo. Nin tan sequera Brais; Brais nunca entendía nada. Ninguén entendía. Ao cabo, que máis lle tiña ao mundo coma se sentise ela? Pasara a vida enteira a deixarse levar polos acontecementos, a adoptar as cousas como viñan sen tomar realmente ningunha decisión. E así acabara metida naquel pequeno apartamento cun debuxante vaidoso e egocéntrico ao que adoitaba chamar o meu mozo porque era o que debía ser. E así quedara a vivir nunha cidade que xa perdera toda a maxia que lle vía cando nena. E así continuaba día tras día naquel emprego abafante no que tiraba estúpidas fotografías de botellas de viño de Ribadavia e chourizos de Sarria e que lle quitaba a gana de facer calquera outra cousa. Iso era todo na súa vida. Iso e visitar semanalmente unha familia de prestado; e ir ao cine os sábados logo de pasear pola exposición en voga; e quedar no bar de sempre cun feixe de fachendosos publicistas para discutir sobre o marabillosa que era a última película de *Clint Eastwood*, do xeniais que debían ser os musicais de *Broadway*, de cando se ía facer na Galiza un audiovisual *naïf* de verdade ou cal fora o peor anuncio do festival de publicidade que botaran o outro día polo *Plus*. Estaba farta! Cansa de dar voltas sempre na mesma roda. Tan só tiña gana de marchar denantes de que fora tarde de máis. Marchar, como soñara de cativa, como facían tódolos aventureiros daqueles libros que lía entón... Quizabes Brais levaba razón, pensaba ela de cando en cando, ao dicir que a súa actitude era infantil. Pero Xiana sentía realmente que o que precisaba era fuxir, respirar, saír correndo á procura dunha vida de seu, porque a que estaba a vivir non lle pertencía, non era súa. Non podía selo. «*Un ano sabático!*?», exclamaría el a voz en grito. «*Non me fagas rir!! Non es grandíña de máis para me vir con iso? Pero ti que pensas que é a vida? O que tes é que non aturas a disciplina do traballo. Déixate de parvadas e madura dunha vez!*». Logo Xiana sentaría no sofá e intentaría evadirse ao tempo que o seu mozo rosmaba ao seu redor cun cigarro case consumido entre os dedos: «E

como continúes nesta actitude aínda has perder o traballo. Ou pensas que por te deitar co teu xefe xa tes o choio resolto? Bo empresario estaría feito!». Esas palabras farían espertar a Xiana do seu aletargo e ollaría cara el con desprezo. Brais non tardaría nin dous segundos en se decatar do seu erro: «Desta paseime. Non quería dicir iso, é só que...» O rapaz achegárase entón para bicala na fronte, ela permanecería inmóbil. «Mira, sabes o que deberíamos facer? En agosto imos coller vacacións, e podemos marchar de viaxe, onde queiras: a Roma, a París, a Londres... Ti elixes! Nun mes. Poderás agardar un mes, ruliña? Que me dis?». A historia era a mesma todas as semanas, todos os días. Pero Xiana decidiuse igualmente a abrir a porta e entrar no apartamento. Non aturaba aquel tipo de conversas co seu mozo pero, a quen pretendía enganar? Sabía que, de tódolos xeitos, nunca atoparía unha boa escusa para marchar.

—Olaaaa!! —berrou dende o recibidor sen obter resposta algunha—. Ola?

Entrou no cuarto de estar que Brais empregaba tamén como estudo e onde as súas cousas, ciscadas por todas partes, conferían á casa un curioso aire de fogar. No recuncho do fondo, a carón da galería, Brais deixara aberto de par en par o seu caderno de debuxo. Xiana achegouse e observou os cambios no bosquejo do último cómic no que o seu mozo traballaba. Non quedara aberto por descoido. El sempre o deixaba así para que ela o vise nada máis chegar. Xiana pechou o caderno e, case coma un acto reflexo, predeu o móbil para escoitar as mensaxes de voz polo altofalante ao tempo que se dispuña a ir ao cuarto por algo máis cómodo.

—Ten... cinco... mensaxes novas —dixo a voz metálica e pausada do aparello—. Primeira... mensaxe: Ola, guapa! Son Celia. Xa me chegou o libro que tiña encargado. Pásate por aquí cando poidas e bótaslle un ollo a ver que te parece. E de paso tomamos un café, que me tes abandonada. Dálle un bico a Brais da miña parte.. Biiiiip. Segunda... mensaxe: Xiana? Son mamá. Que fas co móbil que sempre o tes apagado? Domingo non veñades comer. Arturo vains levar por aí. Xa te chamarei, de acordo?

Xiana deixou escapar un sorriso amargo en honor á súa nai, sempre tan cálida e agarimosa. O contestador anunciou a terceira das mensaxes:

—Son eu. Saín tomar algo con Andrés. Quedamos ás dez no bar de Ana. Vémonos alí. *Biiiiip.*

—Vai á merda, Brais! E se non quero ir? —exclamou a moza entrando alporizada na sala aínda a medio vestir—. Deixa de me dar ordes.

Ía con paso decidido a apagar o contestador cando a seguinte mensaxe a detivo en seco porque escoitou unha voz grave que berraba dende o interior da máquina:

—Merda, malditos aparellos! Ui, perdón... Quero dicir... Son Lois... Lois López Castro... Desculpe o meu comportamento, non me agradan os contestadores. Estou intentando localizar a Xiana Láncara. Trátase de... De... É un asunto algo complicado para falalo por aquí... Ten que perdoar, atopei este número de teléfono e non sei se... O caso é q... *Biiiiip. Quinta... mensaxe:* Son Lois López Castro de novo. Sinto a mensaxe anterior. Por favor, en canto lle sexa posible, chámeme. *Non hai máis mensaxes.*

Xiana sentou no sofá a fumar un cigarro paseniño, como adoitaba facer sempre que precisaba pensar. Tirou da memoria mais non deu con nada. Estaba case certa de que non coñecía a tipo ningún con ese nome.

—Diga —contestou Lois.

Xiana recoñeceu a súa voz, pero preferiu preguntar cortesmente:

—Podería falar con Lois López Castro, por favor?

—Si, son eu.

—Ola, son Xiana Láncara.

—...

—Vostede deixou unha mensaxe...

—Si, si! Desculpe. É só que... A verdade, non crin que fose chamar. A mensaxe... eu... Ten que desculpar, non estou afeito aos contestadores. Verá... Eu son o... Desculpe, non quero importunala... Talvez non sexa quen de meterme así na súa vida, pero... Eu non pretendo...

—Vaime explicar algún día quen é vostede? —preguntou Xiana divertida.

—Eu... Eu son o médico da súa avoa.

—Da miña avoa? —o ton de voz dela endureceu.

—Si. Amalia Álvarez. É a súa avoa, non si?

—Si que o é. Pero non sei se sabe que...

—Si, seino —interrompeu el—. Estou ao corrente da súa historia familiar. O caso é que a súa avoa... Amalia... Está mal, está enferma e eu, como médico seu...

—Oia, está a falar dunha muller á que non vexo dende que tiña cinco anos. Non me interesa se está ou non enferma.

—Non se trata de... Verá... Amalia está senil, e ten unha terrible obsesión con algo que debeu de acontecer hai moito tempo.

—Que ten que ver iso comigo?

Xiana estaba a piques de colgar o teléfono. Non era quen de deixar de pensar en todo o que a súa nai lle contara daquela muller, daquela familia. De como as botaran ás dúas da casa logo da morte do seu pai. Non quería saber nada deles.

—Fágome cargo do raro que resulta isto. Tan só son un médico intentando axudar a unha paciente. O cal é complicado porque tampouco sei exactamente o que lle pasa. Pero quero que entenda que estamos a falar dunha muller de noventa e cinco anos que está deitada nunha cama adocendo dunha angustia atroz. Eu intento

axudala a morrer en paz e o único que lle pido é que me escoite.

—E iso é o que estou a facer. Pero non entendo que quere de min!

—O caso é que Amalia atravesa, de cando en cando, intres de lucidez. E entón repite constantemente o seu nome...

—Poida que teña remorsos.

—Se cadra, pero penso que hai algo máis.

—E que quere que faga eu?

—Coido que, se puidese vir ata aquí.

—Non creo que sexa unha boa idea —a dureza na voz de Xiana non deixaba lugar á negociación.

—Si... Quizais teña vostede razóns dabondo para pensar así. Laméntoo. Non debín molestala.

O home colgou o teléfono e Xiana sentou na cadeira do escritorio de Brais. Sentíase molesta? Non, só confusa. Os seus dedos xogaban coas follas do caderno de debuxo mentres as cousas se amosaban a cada volta máis claras na súa mente. Ergueuse e foi até o dormitorio para meter algunhas pezas de roupa nunha pequena bolsa de viaxe. Colleu de novo o móbil, premeu a tecla de rechamada e agardou a que alguén descolgase á outra beira da liña no entanto pensaba que o xusto era contarllo a Brais ou, cando menos, deixarlle algún aviso.

—Diga? —respondeu Lois.

—Ola, son Xiana outra vez... —dixo.

E escribiu nun folio que atopou riba da mesa do seu mozo: «MARCHEI».

CAPÍTULO 2

«Conta a lenda que o Santiagués lexítimo ten a pel curtida por ventos que non son mareiros, leva o sangue tinguido de lembranzas e habita sempre a medio camiño entre os vivos e os mortos... Conta a lenda que as xentes daquelas terras no cabo do mundo teñen a pel curtida polos máis bravos ventos mareiros, levan o sangue tinguido de segredos e, por nacer xunta do santiño aquel que alcuman “de lonxe”, viven dende as primeiras luces a medio camiño entre os mortos e os vivos».

Non estaba certa de onde sacara aquelas historias sobre o pobo do seu pai. Ás veces cría que llas contara el mesmo antes do accidente e outras, que as lera nalgún libro moi de cativa. Pero o caso era que as sabía dende sempre e, se cadra por mor da repentina viaxe á que se lanzara, todos eses fantásticos contos rexurdían das súas profundidades. Xiana case non tiña recordos dos seus primeiros anos, da época na que o seu pai aínda vivía e pasaban os veráns na aldea. Tempo atrás mudáraos por esas lendas sen orixe que agora aparecían de novo no entanto o seu coche ía entrando na néboa.

Logo de deixar atrás o cruce que levaba a Santo Andrés de Teixido, non tardou moito en dar coa aldea. Eran case as once e, malia que o ceo semellaba non querer escurecer de todo aquela noite, xa ía un bo rato que o sol se agochara. Aparcou nunha pequena praza a carón da igrexa. Non se vía a ninguén. Pechou a porta do coche con coidado porque o silencio era tan denso que lle daba reparo rompelo e remexeu no bolso até dar co papel onde anotara o enderezo.

«Rúa de Arriba, nº42». Unha ollada foi dabondo para pensar que non sería moi difícil dar coa casa, xa que alí había, todo máis, seis rueiros. Prendeu un cigarro, afastou con suavidade o cabelo do rostro

e mirou ao seu redor. Non lembraba moito daquel lugar. Tampouco se vía placa indicativa algunha, así que seguiu a lóxica: o pequeno pobo estendíase ao alto da montaña; a rúa de arriba estaría na parte máis alta.

Botouse a andar e o eco da praza devolveulle o son dos seus pasos sobre o asfalto. A paisaxe resultáballe ao mesmo temo sinistra e fermosa, coa inmensidade escura do mar aló ao lonxe, aos pés da montaña; as antigas casas que se mesturaban entre elas sen orde aparente, todas construídas en pedra e moi semellantes entre si cos seus balcóns repletos de xeranios; as estreitas rúas que parecían acomodarse até formar unha estraña orde labiríntica alumeada pola feble luz dos farois de ferro... Pero tamén había algo na atmosfera que lle provocaba inquietude. Podía ser o esaxerado silencio, pero tras dun arrepío que lle percorreu as costas, decidiu que, efectivamente, aquel lugar resultaba fantasmagórico.

Entón, unha sombra negra pasou a toda velocidade ao seu carón e ela pegou un chimo cara atrás. Cando descubriu os brillantes ollos do animal, que se detivera a poucos metros e a miraba con sorna, Xiana estivo a piques de botarse a rir, mais non tivo tempo porque nalgún recuncho da noite, acompañada dunha rotunda gargallada, unha voz se lle adiantou:

—Os gatos non traban. Neste pobo tampouco.

Xiana decatouse de que a voz proviña dun balcón nunha das casas fronte súa. Non era quen de distinguir á persoa que falara, pero si vía a punta dun cigarro que brillaba con intensidade. Deu un paso cara diante e dirixiuse á voz:

—Desculpe. Estou a buscar unha casa. ¿Podería axudarme?

A luz laranxa medrou un chisco e logo moveuse ata resultar insignificante a rentes da silueta que a portaba: era un home novo, duns trinta e poucos anos, mouro, e guapo —pensou ela—, cuns ollos pícaros que brillaban incluso na distancia.

—Non somos moitos neste pobo. A quen buscas?

—A Lois... —Xiana tivo que botar unha ollada ao papeliño onde anotara os datos do médico—. A Lois López Castro.

O home non respondeu, pero a Xiana pareceulle advertir que aquel ollar divertido esvaecerábase por un intre, xusto antes de observala con maior curiosidade.

—Sabes cal é a súa casa? —insistiu ela.

—Sei... E logo que queres de Lois? —Xiana abriu os ollos sorprendida pola pregunta; o home semellou entender o seu desconcerto—. Claro, claro... Non é asunto meu. Aquela casiña no fondo da rúa, a grande cun muro ao redor. Alí é.

—Grazas.

Dispúxose a emprender o camiño, pero el detívooa:

—Como te chamas?

—Xiana.

—Tanto gusto —e perdeuse de novo na escuridade do balcón.

A escena parecéralle estraña, pero deixou de darlle voltas en canto estivo diante do grande portal metálico coroado cunha placa dourada na que se lía: «*Lois López-Castro Antas. Menciña Xeral*». Xiana consultou o reloxo e decatouse de que non era a hora máis axeitada para se presentar na casa dun descoñecido. Quizabes fora un erro partir de xeito tan precipitado, sen se deter a analizar a situación. Non era un senso novo: mestura de remorsos e culpa, algo que lle acontecía sempre que tomaba unha decisión sen pensar; é dicir, un par de veces ao día, como pouco. Pero desta vez era máis grande que o acostumado, pois xa no podía volver. Sería de tolos facer o camiño de volta a tales horas, con aquelas curvas, aquelas estradas estreitiñas á beira mesmo dos cantís. Ademais, para cando chegase á casa, Brais xa tería lido a nota. Pensou en Brais. Os remorsos aumentaron. Colleu ar con forza e premeu no timbre ao tempo que intentaba afastar da

cabeza os seus pensamentos.

Lois resultou un home moito máis novo do que ela imaxinara: uns trinta e poucos anos, moreno, coas liñas do rostro suaves e os ollos grandes, esquivos, escuros. Pero o que lle chamou a atención del foi que, pese a tratarse dun home de sorriso fácil, cando menos en aparencia, todo nel emanaba un fondo senso de tristura. Ata as súas mans; Xiana sempre se detiña a observar as mans, que podían dicir moitas cousas da persoa que tiña diante. E as de Lois eran tristes e contraditorias: grandes, fráxiles e, por outra banda, a súa forma cadrada dá-lle tamén un carácter forte e masculino.

—Lamento presentarme a estas horas. Quizais debería ter agardado ata mañá, pero...

—Non te preocupes —interrompeuna el coa súa voz suave e pausada, insegura ás veces, mentres a ollaba de esguello—. Senta, por favor. Queres tomar algo?

Xiana rexeitou a invitación cun aceno sutil; agardaba a que el comezase a falar, pero aínda tardou un intre en arrincar a conversa. O cuarto no que se atopaban debía ser a consulta privada, ou iso deduciu a moza; era un pequeno despacho decorado de xeito sobrio e práctico, sen grandes ostentacións pero con bastante gusto. «*Aínda que*», pensou Xiana, «*paréceme escuro de máis*».

—Ante todo —botou a falar el sen previo aviso—, grazas por vir. Ben sei que todo isto é un chisco... raro —Lois serviuse café nunha cunca; tremíanlle as mans—. Seguro que non queres nada?

—Non, grazas.

—O caso é que a túa avoa... Amalia está enferma. É unha muller maior, moi maior. Non é moito o que se poida facer por ela a estas alturas, pero... pero quero polo menos axudala a descansar e pasar en paz os seus derradeiros días —Lois ollouna directamente por primeira vez, pero a moza permaneceu calada e el seguiu a falar—. Ela está inmersa noutro mundo. Está... Está obsesionada con algo, non

sei que é, quizais sexa con algo que aconteceu hai tempo; quizais con toda a historia da túa familia, o que pasou cando eras cativa. Non sei. Pero penso que quizabas a ti che conte o que a atormenta.

—A min?

—Si.

—E que se solucionaría se mo contase?

O médico pestanexou varias veces, coma se non acabase de comprender a pregunta ou se estivese agardando a que a culleriña do café coa que xogaban os seus dedos, os seus longos dedos nos que se podían adiviñar os ósos todos da man, lle dese algunha resposta.

—Non sei —murmurou á fin—. Só quero axudala e es o único recurso que me queda.

—E por que pensas que eu estou disposta a axudar a esa muller?

—Porque estás aquí, non si? —e un fugaz sorriso debuxouse na face do médico. Foi breve, moi breve, mais Xiana sentiu por primeira vez en bastante tempo que observara un sorriso de verdade, dos que nacen dentro.



Queres seguir a ler o libro?

Conségueo en

[amazon.es](https://www.amazon.es)

[amazon.com](https://www.amazon.com)

[biblioEteca](https://biblioteca.toral.com)